

Solemnidade da Epifanía

6 de xaneiro de 2021

MONICIÓN DE ENTRADA

A solemnidade da Epifanía (manifestación espléndida do Señor na carne dun neno) que celebramos hoxe, fainos real a presenza do Fillo de Deus ante todos os pobos, representados nos Sabios de Oriente, que se prosternan ante El.

É un día plenamente misioneiro xa que vemos a Xesús que “sae de si mesmo” para darse a toda a humanidade e aos Sabios que, buscando a Verdade, representánnos a nós que, escoitando a chamada de Deus, tentamos responder: Aquí estou, envíame.

Pidamos nesta Eucaristía polos catequistas e delegados da Palabra nas novas igrexas de Asia, Oceanía, África e América e por todos nós, bautizados e enviados.



PERDÓN

Porque nos custa poñernos en camiño, saír dos nosos lugares de confort, ir ao encontro dos descartados.

Señor, ten piedade

Porque somos pouco coherentes coa nosa fe, vivimos de forma mediocre a nosa identidade cristiá.

Cristo, ten piedade

Porque non recoñecemos o rostro de Cristo nos que son diferentes a nós.

Señor, ten piedade


MONICIÓN ÁS LECTURAS

Isaías preanuncia o que será a misión da Igrexa: ofrecer a todos os homes a Presenza eficaz de Xesucristo, Luz das xentes. San Pablo, no fragmento da carta aos efesios que imos escoitar, proclama a unidade universal en Cristo. Os cristiáns temos o deber de realizar unha fraternidade sen límites, como fillos de Deus que somos. Como os Sabios de Oriente descubrimos a luz que brota do pesebre e comprometémonos a irradiala polos diferentes camiños do mundo.

ORACIÓN DOS FIEIS

Presentemos as nosas pregarías a Deus por medio de Xesucristo na alegría do Espírito Santo. Oremos dicindo: Escóitanos, Señor.

1. Pola Igrexa universal, que comunique con valentía e audacia, a fraternidade, o amor a todos os homes, sen distinción de razas, linguas e situacións. Oremos.
2. Polos misioneiros, que transmitan con alegría e esperanza a todos os pobos de África, América, Asia, Oceanía e Europa a Salvación de Xesucristo. Oremos.
3. Polos Catequistas e Delegados da Palabra, que co seu testemuño de vida fagan posible o crecemento na fe e no compromiso social das comunidades ás que serven. Oremos.
4. Polos que dirixen o destino das nacións, que non cansen de traballar polo ben común dos pobos aos que gobernan. Oremos.
5. Polos enfermos, especialmente os afectados pola covid-19, que recuperen a saúde perdida e reciban o afecto e a axuda de todos nós. Oremos.
6. Por nós, reunidos en fraternidade eucarística, que alentados pola Palabra e alimentados co Corpo de Cristo, saiamos de nós mesmos e anunciemos con entusiasmo a Boa Nova de Xesús a todos, próximos e afastados. Oremos.



DESPEDIDA

Os Sabios de Oriente interpélannos co seu exemplo a percorrer novos camiños, tamén o camiño dixital, para anunciar a Xesucristo, con obras e palabras, con alegría e discernimento. Que no ano 2021, que acabamos de recibir como un novo don do Pai, vivamos a dimensión misioneira, constitutiva da Igrexa, co fervor e o alento dos santos. Benaventurada festa da Epifanía do Señor! Benaventurado Ano novo para todos!

SUXESTIÓNS DE CANTOS

Entrada: Un pobo que camiña

Aleluia: O Neno Deus naceu en Belén

Ofertorio: Sempre é Nadal

Comuñón: Noite de Deus

Final: Un pobo que camiña